

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**AXENCIA INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA**

RESOLUCIÓN do 19 de xuño de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvencións para proxectos de enerxías renovables térmicas, para os anos 2020-2021, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020 (código de procedemento IN421G).

A sensibilidade especial que para a cidadanía está a ter o uso racional das enerxías e a busca de novas fontes enerxéticas calou de forma importante no enfoque das administracións públicas, que unanimemente están a actuar neste campo prestando o seu apoio ás iniciativas que sobre aforro e eficiencia enerxética ou enerxías renovables se están a desenvolver na actualidade.

O Instituto Enerxético de Galicia (Inega) constitúese en axencia polo Decreto 142/2016, do 22 de setembro, mantendo a súa adscrición a consellería competente en materia de enerxía, conforme o establecido na Lei 3/1999, do 11 de marzo, e entre as súas funcións destacan a de incidir na utilización racional da enerxía, así como a de diversificar as fontes enerxéticas e reducir, na medida do posible, a dependencia exterior.

O Inega establece este sistema de subvencións co obxectivo de fomentar a utilización de fontes de enerxía renovables. Máis concretamente, preténdese fomentar a utilización da biomasa forestal con fins enerxéticos, o que implica toda unha serie de vantaxes tanto sociais coma ambientais, económicas e enerxéticas. Non se debe esquecer que a biomasa é unha enerxía renovable cun reducido impacto ambiental que, polo seu carácter de recurso autóctono, favorece, dentro do campo enerxético, a redución de emisións de CO₂, o autoabastecemento e a seguridade da subministración a prezos competitivos. Por criterios similares é necesario fomentar tecnoloxías como a solar térmica, a xeotérmica e a aerotermia.

A dotación da presente convocatoria con cargo aos orzamentos do Inega para o ano 2020-2021 ascende a 2.650.000,00 euros financiados con fondos comunitarios derivados do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020.

Trátase de actuacións desenvolvidas pola Xunta de Galicia encadradas no obxectivo temático 4 (favorecer a transición a unha economía baixa en carbono en todos os sectores) na prioridade de investimento 1 (fomento da produción e distribución da enerxía derivada



de fontes renovables) e no obxectivo específico 2 (aumentar a participación e distribución das enerxías renovables para usos térmicos, en particular a biomasa, biogás e biocombustibles para o transporte), en consonancia co Plan de Enerxías Renovables 2011-2020. O financiamento da convocatoria correspóndese con fondos comunitarios derivados do programa Galicia 2014-2020, Feder nun 80 %, computando como cofinanciamento nacional ou investimento privado o investimento privado elixible dos beneficiarios.

De acordo co recollido no Consello de Goberno da Xunta de Galicia do 28 de febreiro de 2013, a actual situación económica, que afecta tamén os concellos, fixo necesario o desenvolvemento de medidas destinadas á xestión eficaz e eficiencia dos recursos dispoñibles. Entre estas medidas atópase o impulso á xestión compartida de servizos, polo que a presente resolución de axudas prima cunha maior puntuación as solicitudes presentadas conxuntamente por máis dunha entidade local, sexa por agrupación, asociación, mancomunidade, fusión ou calquera outra similar, fronte ás presentadas individualmente.

O uso das enerxías renovables pode representar para Galicia un gran xacemento de nova actividade e, por iso, a Xunta de Galicia entende que é preciso facer unha aposta firme e realista para o futuro materializándoa a través da concesión de subvencións, en réxime de concorrència competitiva.

Por todo o anterior, en virtude do disposto nos artigos 7.1 e 14 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia,

RESOLVO:

Aprobar as bases reguladoras da concesión de subvencións a proxectos de enerxías renovables térmicas e convocar todos aqueles interesados en solicitálas en función do establecido nestas

Bases reguladoras

Artigo 1. Obxecto e normativa de aplicación

1. O obxecto destas bases é apoiar proxectos con fins de aforro enerxético e fomento do uso racional das enerxías renovables. Os proxectos limitaranse a instalacións para a xeración de enerxía térmica mediante equipamentos que utilicen biomasa como combustible e outras instalacións de enerxías renovables que utilicen como fonte enerxética a xeotermia, a aerotermia e a solar térmica (código de procedemento IN421G).

CVE-DOG: 5b7ympm7-22h8-1tt7-xht1-kvjghmxoonj2



2. O procedemento administrativo para a concesión de subvencións será o de concorrencia competitiva e axustarase ao disposto nas propias bases, sen prexuízo do establecido na seguinte normativa de alcance xeral: Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE nº 276, do 18 de novembro); Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG nº 121, do 25 de xuño); Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG nº 20, do 29 de xaneiro); Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

3. As axudas recollidas nesta bases reguladoras, con excepción daquelas en que os beneficiarios sexan administracións públicas locais ou entidades xurídicas sen ánimo de lucro que non poidan emprender actividades económicas que repercutan en terceiros, están suxeitas ás condicións que se establecen no capítulo I do Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea (Regulamento xeral de exención por categorías) publicado no DOUE L 187, do 26 de xuño de 2014.

As entidades xurídicas sen ánimo de lucro, cando realicen actividades económicas de forma regular, estarán suxeitas ás condicións que se establecen no citado capítulo I do Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño.

A presente convocatoria refírese ás axudas que aparecen definidas no capítulo III, sección 7, artigo 41.6.b). (Axudas ao investimento para a promoción de enerxía procedente de fontes renovables), do Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, do 14 de xuño.

Artigo 2. *Condicións dos proxectos*

1. Poderán obter dereito a subvención todas aquelas actuacións descritas no artigo 6 destas bases que se executen dentro do territorio da Comunidade Autónoma e o prazo de execución dos proxectos subvencionables iniciárase unha vez que se teña efectuado a solicitude de axuda ante esta entidade, e rematará no prazo previsto no artigo 24 destas bases.

2. Non serán subvencionables os proxectos iniciados antes da data de presentación da solicitude de axuda, en aplicación do efecto incentivador previsto no artigo 6 do Regulamento (UE) nº 651/2014.



Entendese por inicio dos traballos, conforme a definición recollida no artigo 2 do Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, ou ben o inicio dos traballos de construción ou ben o primeiro compromiso en firme para o pedido de equipamentos ou outros compromisos que faga o investimento irreversible, se esta data é anterior.

Artigo 3. *Financiamento*

1. As subvencións que se concedan imputaranse ás seguintes aplicacións orzamentarias:

Medida: fomento das actividades asociadas ao ciclo de aproveitamento da biomasa térmica e outras tecnoloxías renovables

Liña de axuda	Destinatarios	Aplicación orzamentaria	Importe anualidade 2020	Importe anualidade 2021
Biomasa	Administración pública local	09.A2.733A.760.5	650.000,00 €	40.000,00 €
	Empresas e autónomos	09.A2.733A.770.5	625.000,00 €	100.000,00 €
	Entidades sen fins de lucro	09.A2.733A.781.1	125.000,00 €	10.000,00 €
Xeotermia	Empresas e autónomos	09.A2.733A.770.6	450.000,00 €	45.000,00 €
Aerotermia	Empresas e autónomos	09.A2.733A.770.6	500.000,00 €	50.000,00 €
Solar térmica	Empresas e autónomos	09.A2.733A.770.6	50.000,00 €	5.000,00 €
Total			2.400.000,00 €	250.000,00 €

O crédito máximo recollido na táboa anterior poderá ser redistribuído se nalgunha das epígrafes non se rexistran solicitudes suficientes para esgotar os fondos dispoñibles.

2. O importe dos fondos previstos entenderase máximo, ben que cabería a posibilidade de ampliar o crédito como consecuencia da existencia dunha maior dispoñibilidade orzamentaria derivada dalgunha das circunstancias previstas no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e, se for o caso, logo da aprobación da modificación orzamentaria que proceda. Isto podería dar lugar á concesión de máis subvencións de acordo coa orde de prelación de solicitantes que resulte da aplicación dos criterios de valoración fixados no artigo 17 destas bases.



3. De producirse a ampliación de crédito, publicarase no DOG e na páxina web do Inega (www.inega.gal), sen que tal publicidade implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio de novo cómputo para resolver.

Artigo 4. *Beneficiarios*

1. Poderán acceder á condición de beneficiarios das presentes subvencións:

a) As entidades locais de Galicia e entidades dela dependentes.

b) As entidades sen ánimo de lucro.

c) Empresas legalmente constituídas e autónomos.

2. As empresas deberán cumprir co criterio de autonomía e demais requisitos que se establecen no anexo I do Regulamento xeral de exención por categorías.

3. Os requisitos para obter a condición de beneficiarios deberánse cumprir, como moi tarde, na data límite de remate do prazo de presentación de solicitudes.

4. As entidades sen ánimo de lucro non poderán disolverse ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 63 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 5. *Persoas e entidades excluídas destas axudas*

1. Non poderán ter a condición de beneficiarias as persoas ou entidades en que conorra algunha das causas de exclusión previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da citada Lei 9/2007, do 13 de xuño.

2. Non poderán ter a condición de beneficiarias as empresas dos sectores excluídos do ámbito de aplicación do Regulamento (UE) nº 651/2014, do 17 de xuño de 2014, no seu artigo 1.3, entre as cales figuran:

a) As empresas do sector da pesca e da acuicultura segundo se recolle no Regulamento (UE) nº 1379/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro.

CVE-DOG: 5b7ympm7-22h8-1tt7-xht1-kvjghmxoonj2



b) Aquelas que operan na transformación e comercialización dos produtos agrícolas:

1º. Cando o importe da axuda se determine en función do prezo ou da cantidade de produtos deste tipo adquiridos a produtores primarios ou comercializados polas empresas interesadas.

2º. Cando a axuda estea supeditada a que unha parte ou a totalidade dela se repercuta nos produtos primarios.

3. Non poderán ter a condición de beneficiaria as empresas que operan no sector de produción agrícola primaria coas actividades incluídas na sección A e, en concreto, as clases desde a 1.11 á 02.40, ambas excluídas.

4. Non poderán concederse axudas con fondos Feder, segundo o disposto no artigo 3.3 do Regulamento (UE) nº 1301/2013, do 17 de decembro de 2013, nos seguintes ámbitos:

a) Investimentos para lograr redución das emisións de gases de efecto invernadoiro procedentes de actividades enumeradas no anexo I da Directiva 2003/87/CE.

b) Empresas en crise segundo a definición do Regulamento (UE) nº 651/2014.

5. Non poderán obter a condición de beneficiarias as empresas suxeitas a unha orde de recuperación pendente tras unha decisión previa da Comisión que tiver declarado unha axuda ilegal e incompatible co mercado común.

Artigo 6. *Investimentos subvencionables*

1. O equipamento principal de xeración enerxética (paneis solares, bomba de calor, caldeira...). No caso da biomasa o custo do equipamento térmico e os seus accesorios principais (sistema de regulación e control, sistemas de limpeza, depuración de fumes, extracción de cinzas).

2. O resto de accesorios da instalación para o correcto funcionamento do sistema.

3. O custo do sistema de almacenamento do combustible.

4. O custo do sistema de alimentación do combustible.

5. O custo de montaxe e conexión.



6. No caso da enerxía xeotérmica, o sistema de captación do recurso xeotérmico: sondaxes, intercambiadores, acumuladores, tubaxes, etc.

7. No caso de redes de distribución de calor con biomasa, o custo da rede de distribución de enerxía térmica (ata a sala de caldeira existente se se conecta a ela ou, no caso contrario, ao punto de entrada ao edificio) e, se for o caso, o custo dos sistemas para a conexión coas salas de caldeiras existentes. A obra civil necesaria da sala de caldeiras.

8. Non son subvencionables:

a) O IVE (imposto sobre o valor engadido), excepto cando non sexa recuperable. Os concellos e demais entidades de dereito público non teñen a consideración de suxeito pasivo, nos termos previstos no artigo 13, número 1 da Directiva 2006/112/CE do Consello, polo que o IVE soportado por estes considerarase subvencionable.

En todo caso, aquelas persoas xurídicas que gocen da exención do IVE ou dun réxime de pro rata deberán acreditar esta circunstancia mediante a presentación do correspondente certificado emitido pola Administración tributaria ou documentación acreditativa da pro rata do último exercicio.

b) Os gastos de funcionamento da actividade subvencionada e material funxible en xeral.

c) As obras de mantemento.

d) As conducións de distribución interior da calor e os equipamentos emisores, salvo cando estes sexan parte activa do circuíto de xeración térmica.

e) A obra civil non asociada á instalación dos equipamentos nin os gastos de legalización.

f) Os gastos que se realicen en pagamento de licenzas, gastos sometidos a aranceis, adquisición de bens de segunda man e os recollidos con tal carácter no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

g) En ningún caso serán subvencionables as instalacións/equipamentos que xa fosen obxecto de axuda anteriormente.

Con carácter xeral, e de acordo co establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, considéranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubitable respondan á natureza da actividade subvencionable.

CVE-DOG: 5b7ympm7-22h8-1tt7-xht1-kvjghmxoonj2



Artigo 7. *Proxectos que se subvencionan*

1. Co obxectivo de garantir ao máximo o aproveitamento enerxético do combustible e minimizar as emisións de substancias contaminantes á atmosfera, os equipamentos de xeración de calor deberán ser instalacións con avanzadas prestacións operativas, con elevados niveis de eficiencia enerxética e cun bo comportamento con respecto ao ambiente.

Para tal efecto, no caso que ser necesario, as instalacións financiadas deben cumprir cos requisitos establecidos no Real decreto 1027/2007, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de instalacións térmicas de edificios (RITE), respecto de instalacións térmicas, coas condicións establecidas no documento recoñecido do RITE.

No caso das caldeiras de biomasa, os equipamentos térmicos terán una cualificación enerxética en modo calefacción igual ou superior a D para que o proxecto sexa subvencionable sempre e cando esta cualificación enerxética sexa de aplicación.

a) Bombas de calor.

No caso das bombas de calor, os equipamentos que se instalan deberán contar cun coeficiente de eficiencia enerxética en modo calefacción (COP) igual ou superior a 3,5, nas condicións establecidas na norma que as afecte (UNE-EN 14511:2012, UNE-EN 15316:2010, UNE-EN 16147, UNE-EN 14825:2012, etc.). Tomaranse como temperaturas de referencia para o cálculo do COP e da potencia 0/35 °C para bombas de calor xeotérmicas e 7/35 °C para aerotermia. Por tanto, para xustificar esta condición, deberá achegarse a documentación xustificativa do ensaio para a obtención do COP.

En aplicacións de bomba de calor aire-auga de chan AQS e/ou calefacción con radiadores que non sexan de baixa temperatura, o COP da bomba de calor será igual ou superior ao especificado na seguinte táboa, dependendo da zona climática do proxecto:

Zona climática	A	B	C	D	E
COP mínimo	4,3	4,6	4,6	4,9	4,9

b) Solar térmica.

Considéranse nesta alínea as instalacións que aproveitan a radiación solar para o calentamento dun fluído mediante paneis solares planos ou tubos de baleiro, sempre que a súa utilización conduza a un aforro dun combustible convencional.



Non serán subvencionables aquelas instalacións destinadas á xeración de auga quente sanitaria (AQS) ou climatización de piscinas que sexan obrigatorias en virtude do Documento básico HE 4-Contribución solar mínima de auga quente sanitaria do Código técnico da edificación (CTE), aprobado polo Real decreto 314/2006, do 17 de marzo, independentemente da porcentaxe de contribución solar que cubra a instalación solar proxectada nestes usos. Para instalacións afectadas polo CTE que tamén se destinen a outras aplicacións non obrigadas por esta normativa, unicamente se poderá obter axuda pola parte correspondente a estas últimas aplicacións.

As instalacións solares destinadas ao apoio á calefacción no sector doméstico e terciario unicamente serán subvencionables se utilizan emisores de baixa temperatura de deseño (menores de 50 °C), como chan radiante, radiadores de baixa temperatura ou fan coils.

Non serán subvencionables aquelas instalacións destinadas ao quentamento da auga de piscinas descubertas.

O coeficiente global de perdas do panel solar deberá ser inferior ou igual a 9 W/(m² °C).

2. O investimento elixible máximo por potencia unitaria (sen IVE) estará limitado polas características do sistema segundo a seguinte táboa:

a) Biomasa.

Tipoloxía	Tipo de equipo xerador	Rango de potencias	Custo elixible máximo por potencia sen IVE (€/kW)
A1	Estufas de aire, cociñas calefactoras e xeradores de aire quente	$P \leq 25 \text{ kW}$	225-5 P
		$P > 25 \text{ kW}$	100
A2	Cambio de queimador en equipamento existente que non sexa de biomasa		50
B1	Caldeiras sen sistema de alimentación automática ou con sistema de alimentación automática desde o volume de acumulación de combustible $V < 250$ litros	$P \leq 20 \text{ kW}$	300-5 P
		$20 \text{ kW} < P \leq 40 \text{ kW}$	250-2,5 P
		$P > 40 \text{ kW}$	150
B2	Caldeiras con sistema de alimentación automática e volume de acumulación de combustible $V \geq 250$ litros e $V < 1.000$ litros	$P \leq 40 \text{ kW}$	300
		$40 \text{ kW} < P \leq 440 \text{ kW}$	310-(P/4)
		$P > 440 \text{ kW}$	200

CVE-DOG: 5b7ympm7-22h8-1tt7-xht1-kvjghmxoonj2



Tipoloxía	Tipo de equipo xerador	Rango de potencias	Custo elixible máximo por potencia sen IVE (€/kW)
B3	Caldeiras con sistema de alimentación automática e volume de acumulación de combustible con $V \geq 1.000$ litros	$P \leq 40$ kW	325
		$40 \text{ kW} < P \leq 440$ kW	$335 - (P/4)$
		$P > 440$ kW	225

P: potencia nominal total do sistema de caldeira(s) (kW).

V: capacidade do sistema externo de acumulación de combustible (litros).

Nas tipoloxías B1, B2 e B3, no caso de que a caldeira incorpore un sistema de limpeza automática de intercambiador, o custo elixible máximo por potencia unitaria (sen IVE) poderá incrementarse en 50 €/kW adicionais.

Non se admitirán nunha mesma solicitude varias caldeiras de distintas tipoloxías.

Para efectos desta convocatoria, considéranse redes de distribución de enerxía térmica cando desde unha mesma sala de caldeiras, con potencia total das caldeiras de biomasa de máis de 200 kW, se distribúa enerxía térmica a máis de dous (2) edificios ou, no caso de que sexan dous (2) edificios, que a distancia entre ambos supere os 80 metros. Tamén se consideran conceptos subvencionables as ampliacións de redes existentes ou en fase de execución sempre que as infraestruturas que se desenvolvan nestas ampliacións cumpran os criterios establecidos no parágrafo anterior.

O custo elixible máximo destes proxectos será o dobre da cantidade que lle correspondería no caso de que fose unha instalación de biomasa sen considerar os elementos característicos dunha rede de distribución de enerxía térmica, custos máximos que se calcularían a partir da táboa anterior.

b) Xeotérmica.

Tipoloxía	Características do equipamento	Rango de potencias	Investimento elixible máximo por potencia sen IVE (€/kW)
A1	Instalacións con bombas de calor xeotérmicas con intercambio enterrado horizontal	$P \leq 10$ kW	1.300
		$10 \text{ kW} < P \leq 30$ kW	$1.300 - 10 \cdot (P - 10)$
		$30 \text{ kW} < P \leq 100$ kW	$1.100 - 2 \cdot (P - 30)$
		$P > 100$ kW	960



Tipoloxía	Características do equipamento	Rango de potencias	Investimento elixible máximo por potencia sen IVE (€/kW)
A2	Instalacións con bombas de calor xeotérmicas con intercambio enterrado vertical	$P \leq 10 \text{ kW}$	1.900
		$10 \text{ kW} < P \leq 30 \text{ kW}$	$1.900 - 25 \cdot (P - 10)$
		$30 \text{ kW} < P \leq 100 \text{ kW}$	$1.400 - 3 \cdot (P - 30)$
		$P > 100 \text{ kW}$	1.190

P: potencia térmica útil da bomba de calor (kW), debidamente xustificada coa documentación achegada, tal e como se indica no artigo 10 (documentación complementaria).

c) Aerotermia.

O investimento elixible máximo será de 600 €/kW para as bombas de calor aire/auga e 400 €/kW para as aire/aire, e a potencia será avaliada tal e como se indica no artigo correspondente á documentación complementaria.

d) Solar térmica.

Segundo a tecnoloxía utilizada, a contía máxima da subvención será a seguinte:

Tipo de instalación	Investimento elixible máximo
Paneis planos	1.500 euros/kW (*)
Tubos de baleiro	1.000 euros/m ² (**)

(*) A potencia en kW calcularase a partir da superficie útil de captación (de apertura) e da curva de rendemento do panel, con temperatura de entrada 45 °C, temperatura ambiente 15 °C e 800 W/m² de radiación.

(**) Superficie de apertura.

Tendo en conta que a presente convocatoria se refire ás que aparecen definidas dentro da sección 7 do capítulo III do Regulamento (UE) nº 651/2014 como axudas ao investimento para a promoción da enerxía procedente de fontes renovables (artigo 41.6.b), establécese como redución, polo investimento equivalente menos respectuoso co medio natural, un 20 % dos valores da tipoloxía B3 da táboa dos custos elixibles de biomasa, valores que están establecidos en función da potencia da instalación. Para as tipoloxías A de biomasa, a redución será dun 20 % sobre os valores dos seus custos elixibles máximos, reducións que tamén serán aplicables aos proxectos de enerxía solar térmica.



Artigo 8. Contía da axuda

1. A intensidade máxima da axuda, segundo tipo de beneficiario, será a seguinte:

Beneficiarios	Porcentaxe máxima de axuda
Entidades locais	80 %
Entidades xurídicas sen ánimo de lucro (que non realicen actividade económica)	80 %
Empresas, as súas agrupacións e asociacións, así como entidades sen ánimo de lucro que realicen actividade económica. No caso de pequenas empresas, a axuda incrementarase en 20 puntos porcentuais e, no caso de medianas empresas, en 10 puntos porcentuais	50 %

2. A contía máxima da axuda por proxecto de biomasa será de 250.000,00 €. En proxectos de aerotermia e xeotermia a axuda máxima será de 100.000,00 € e en solar térmica 15.000,00 €.

3. A contía máxima por beneficiario será de 500.000,00 €.

4. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor do mercado.

Artigo 9. Forma e prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria

1. As solicitudes (anexo I) serán subscritas directamente polos interesados ou por persoa que acredite a súa representación por calquera medio válido en dereito.

2. O prazo de presentación de solicitudes será dun (1) mes, contado desde o día seguinte ao de publicación desta resolución no DOG.

A publicación dos formularios de solicitude no DOG faise unicamente para efectos informativos.

3. A presentación das solicitudes realizarase unicamente por medios electrónicos a través do formulario electrónico normalizado accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, e na páxina web do Inega, www.inega.gal, de conformidade ao establecido no artigo 14 da Lei 39/2015, 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Para o acceso á aplicación de presentación das solicitudes será necesario o número do NIF e o contrasinal determinado polas persoas interesadas.

CVE-DOG: 5b7ympm7-22h8-1tt7-xht1-kvjghmxoonj2



Os autónomos presentarán as súas solicitudes por medios electrónicos para os trámites e actuacións que realicen coas administracións públicas no exercicio da súa actividade profesional, como así o establece o artigo 10.1 letra a) da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.

4. Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude e a documentación complementaria presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude ou da documentación aquela en que fose realizada a emenda.

A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica.

As copias dos documentos gozarán da mesma validez e eficacia que os seus orixinais, sempre que exista constancia de que sexan auténticas.

5. Sempre que se realice a presentación de documentación separadamente da solicitude, deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

6. No caso de que algún dos documentos que se vai presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos, 5 MB por arquivo individual, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos.

7. Non será necesario achegar os documentos que xa foron presentados anteriormente. Para estes efectos a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos. Presumirase que esta consulta é autorizada polas persoas interesadas, salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa.

No suposto de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirilo á persoa interesada con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

8. Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados electronicamente a través da

CVE-DOG: 5b7ympm7-22h8-1tt7-xht1-kvjghmxoonj2



aplicación informática habilitada para estas axudas, accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>) ou da páxina web do Inega (www.inega.gal).

9. Na páxina web do Inega disporase de instrucións de axuda para consulta dos solicitantes. Para o caso de dificultades técnicas ou no caso de requirir máis información, o Inega pon á disposición dos interesados o seu servizo de asistencia técnica, a través do número de teléfono 981 54 15 00 ou do enderezo de correo electrónico inega.info@xunta.gal

Artigo 10. Documentación complementaria necesaria para a tramitación do procedemento

1. As persoas interesadas deberán achegar xunto coa solicitude (anexo I), anexadas, copias dixitalizadas da seguinte documentación:

a) Memoria técnica da actuación, asinada por un técnico competente, que incluíra como mínimo:

1º. Descrición da instalación proxectada segundo o modelo dispoñible na web do Inega (www.inega.gal) e unha memoria técnica en que se describirán, de forma detallada, os sistemas do equipamento xerador e do resto dos compoñentes principais da instalación. Tamén incluíra unha xustificación da calor útil demandada e emisións evitadas de gases de efecto invernadoiro.

2º. Plano de situación onde se indique a localización dos equipamentos. Fotografía de vista aérea en que se indique de forma apreciable a edificación onde se executará a instalación (Sixpac, Catastro, etc.). Esquemas ou planos en que se localicen os equipamentos na edificación.

3º. Folla de características dos equipamentos xeradores. No caso da biomasa, incluíra-se a documentación relativa ao índice de eficiencia enerxética ou rendemento.

4º. Orzamento desagregado.

5º. Oferta técnica dun provedor no caso de que o solicitante sexa unha empresa, autónomo ou entidade sen ánimo de lucro.

CVE-DOG: 5b7ympm7-22h8-1tt7-xht1-kvjghmxoonj2



6º. No caso da xeotermia, aerotermia e solar térmica os certificados de rendemento dos sistemas xeradores coa seguintes especificacións:

– Xeotérmica e aerotermia.

Certificado do coeficiente de rendemento en modo calefacción (COP) emitido por un laboratorio independente e acreditado para realizar as probas segundo a norma que os afecte (UNE-EN 14511:2012, UNE-EN 15316:2010, UNE-EN 16147, UNE-EN 14825:2012, etc.). Para acreditar este coeficiente, deberá xuntarse a certificación emitida por Eurovent, a EPHA (Asociación Europea da Bomba de Calor) ou por un laboratorio de ensaio acreditado para este tipo de ensaios, segundo a normativa vixente. Tomaranse como temperaturas de referencia para o cálculo do COP e da potencia 0/35 °C para bombas de calor xeotérmicas e 7/35 °C para aerotermia.

– Solar térmica.

Resolución de certificación do panel solar en vigor, emitida pola Administración competente. Se na resolución de certificación non se recolle de xeito íntegro a seguinte información do panel: marca, modelo, superficie de apertura e coeficientes de rendemento, entregarase a maiores copia do ensaio realizado por unha entidade debidamente acreditada (segundo a Orde ITC/71/2007, do 22 de xaneiro, do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio ou, se for o caso, a norma que a substitúa) que serviu de base para a emisión da resolución de certificación.

b) Acreditación da titularidade dos terreos ou inmobles sobre os cales se vai executar o proxecto, ou da dispoñibilidade deles durante un período mínimo de cinco anos contados desde o último pagamento (que permitan concretar a situación do predio ou inmovible sobre o terreo).

Os documentos admitidos para acreditar a titularidade son: certificado do rexistro da propiedade, escritura pública de obra nova, escritura pública de compravenda, escritura pública de aceptación de herdanza, escritura pública de doazón e aceptación ou sentenza xudicial, segundo corresponda. Contrato de arrendamento ou cesión de uso acompañado de documento que acredite a titularidade do arrendador ou cedente.

CVE-DOG: 5b7ympm7-22h8-1tt7-xht1-kvjghmxoonj2



Non se admitirán como acreditación da titularidade recibos de impostos de bens inmobles ou certificacións do catastro inmobiliario.

c) As administracións locais, ademais da documentación sinalada nas alíneas anteriores, deberán achegar:

1º. Acreditación do nomeamento do representante da entidade solicitante.

2º. Certificado do acordo adoptado polo órgano competente polo que se aproba solicitar a axuda regulada nestas bases, se procede.

3º. Certificación de que a entidade solicitante remitiu as contas do último exercicio orzamentario a que legalmente está obrigado ao Consello de Contas. Nesta certificación deberá quedar acreditado que a remisión das contas se efectuou antes do vencemento do prazo de presentación de solicitudes.

d) As empresas, xunto coa solicitude, presentarán a documentación prevista nas alíneas a) e b) deste artigo e, cando non se atopen obrigadas por lei a inscribirse no Rexistro Mercantil ou calquera outro rexistro público, presentarán a documentación acreditativa da constitución e da representación correspondente (non é necesario no caso de que o solicitante sexa unha empresa pública).

e) As empresas deben acreditar a existencia dun centro de traballo en Galicia ou a realización dalgunha actividade empresarial xustificable dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia. No caso de empresas de servizos enerxéticos, o que debe estar situado no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia son os centros de consumo.

f) Cando unha empresa de servizos enerxéticos xestione total ou parcialmente instalacións consumidoras de enerxía, ademais deberán achegar:

1º. Unha copia do contrato de servizos enerxéticos en que se recollan as cláusulas asociadas ao proxecto para o cal se solicita a axuda.

2º. Constancia por escrito da autorización e coñecemento por parte do titular ou titulares da instalación de que se solicita a subvención.

O pagamento dos servizos que prestan as ditas empresas baséase na obtención de melloras de eficiencia enerxética e no cumprimento dos demais requisitos de rendemento

CVE-DOG: 5b7ympm7-22h8-1tt7-xht1-kvjghmxoonj2



convidos. Contarase, en todo caso, con visto e prace do titular da instalación, por se der lugar á modificación do contrato existente entre ambas as partes.

Segundo a definición da Directiva 2006/32/CE, do 5 de abril, sobre a eficiencia do uso final da enerxía e dos servizos enerxéticos, e para os efectos destas bases, entenderase por empresa de servizos enerxéticos aquela persoa física ou xurídica que poida proporcionar servizos enerxéticos, na forma definida no parágrafo seguinte, nas instalacións ou locais dun usuario e afronte certo grao de risco económico ao facelo. Todo isto sempre que o pagamento dos servizos prestados se basee, xa en parte xa totalmente, na obtención de aforros de enerxía por introdución de melloras da eficiencia enerxética e no cumprimento dos demais requisitos de rendemento convidados.

O servizo enerxético prestado pola empresa de servizos enerxéticos consistirá nun conxunto de prestacións que inclúa a realización de investimentos inmateriais, de obras ou de subministracións necesarias para optimizar a calidade e a redución dos custos enerxéticos. Esta actuación poderá comprender, ademais da construción, instalación ou transformación de obras, equipamentos e sistemas, o seu mantemento, actualización ou renovación, a súa explotación ou a súa xestión derivados da incorporación de tecnoloxías eficientes. O servizo enerxético así definido deberá prestarse baseándose nun contrato que deberá levar asociado un aforro de enerxía verificable, medible ou estimable.

g) As entidades sen ánimo de lucro, xunto coa solicitude, presentarán a documentación prevista nas alíneas a) e b) deste artigo e, ademais, deberán achegar a documentación que acredite a representación con que se actúa.

h) Calquera outra documentación adicional que o interesado considere conveniente para a correcta avaliación do proxecto.

Artigo 11. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- a) Certificado de alta no imposto de actividades económicas.
- b) Certificacións de estar ao día no pagamento coa AEAT, a Seguridade Social e a Fazenda autonómica.
- c) DNI/NIE do solicitante, cando se trate dunha persoa física.

CVE-DOG: 5b7ympm7-22h8-1tt7-xht1-kvjghmxoonj2



- d) NIF da entidade solicitante, cando se trate dunha persoa xurídica.
- e) Consulta dos administradores da sociedade, cando se trate dunha persoa xurídica.
- f) DNI/NIE da persoa representante, cando se trate dunha persoa física.
- g) NIF da entidade representante, cando se trate dunha persoa xurídica.

2. No caso de que a persoa interesada se opoña a esa consulta, deberá indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 12. *Transparencia e bo goberno*

1. A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación destas bases reguladoras.

2. De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a consellería responsable da iniciativa publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, puideren impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

3. Na publicación que se faga no DOG e no taboleiro electrónico das axudas cofinanciadas con fondos Feder e individualmente concedidas ao abeiro desta convocatoria, incluírase unha referencia expresa ás disposicións pertinentes do Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, ao seu título e á data de publicación no *Diario Oficial de la Unión Europea* (DOUE).

4. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016 a que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a



información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

5. Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase á Base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 13. *Compatibilidade das subvencións*

1. As subvencións concedidas ao abeiro destas bases reguladoras serán compatibles con outras axudas, subvencións ou recursos destinados á mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sempre que non se supere o 100 % do investimento subvencionable ou, se for o caso, o límite máximo establecido no artigo 8 das bases reguladoras, no marco nos números 7 a 9 do artigo 41.7 do Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño.

Non obstante, e de acordo co establecido no artigo 65.11 do Regulamento (UE) nº 1303/2013, o proxecto poderá recibir axuda doutros fondos EIE, dun ou varios programas e doutros instrumentos da Unión, coa condición de que o gasto declarado nunha solicitude de pagamento correspondente a un dos fondos EIE non se declare para solicitar axuda doutro fondo ou instrumento da Unión, ou axuda do mesmo fondo no marco dun programa distinto.

2. O incumprimento do disposto neste artigo considerarase unha alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda e poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión nos termos previstos no artigo 20 destas bases reguladoras.

Artigo 14. *Órganos competentes*

A xefa da Unidade Xurídico-Administrativa do Inega será o órgano competente para a instrución do procedemento administrativo de concesión das subvencións e corresponde ao director do Inega ditar as diferentes resolucións que deriven do dito procedemento.

Artigo 15. *Instrución dos procedementos*

1. Unha vez presentada a solicitude xunto coa documentación complementaria, o órgano instructor comprobará que reúne todos os requisitos e se achegan todos os documentos exixidos polas bases reguladoras. De non ser así, de conformidade coa normativa



reguladora do procedemento administrativo común, requirirase o interesado para que, nun prazo de dez (10) días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, coa advertencia expresa de que, se así non o fixer, se terá por desistido na súa petición e archivarase o expediente.

Igual requirimento se efectuará no suposto de resultado negativo da consulta efectuada á Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), Tesouraría Xeral da Seguridade Social (TXSS), consellería competente en materia de economía e facenda, Rexistro Mercantil e outros rexistros públicos, e neste caso o solicitante terá que achegar as correspondentes certificacións ou documentos.

2. Para dar cumprimento ao establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (artigo 14.2), e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (artigo 10) todas as notificacións se realizarán por medios electrónicos, mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>), na rúbrica Notificacións electrónicas.

Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. As persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral poderá de oficio crear o dito enderezo, para asegurar que as persoas interesadas cumpran a súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

Para utilizar os servizos de Notifica.gal deberase dispoñer dun usuario e clave no servizo Chave365 ou dun certificado de persoa física ou xurídica asociado ao NIF da persoa destinataria e comprobar que o navegador e o sistema operativo cumpren os requisitos técnicos.

4. As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e entenderanse rexeitadas cando transcorran dez (10) días naturais desde

CVE-DOG: 5b7ympm7-22h8-1tt7-xht1-kvjghmxoonj2



a posta á disposición da notificación sen que se acceda o seu contido. En tal caso, farase constar no expediente tal circunstancia e darase por efectuada a notificación.

Se o envío da notificación non é posible por problemas técnicos, o Inega practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

5. A documentación a que se refire a emenda presentárase de forma electrónica a través da aplicación informática habilitada para estas axudas, accesible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>) ou da páxina web do Inega (www.inega.gal). Para poder realizala é imprescindible que o solicitante ou o representante legal dispoña de DNI electrónico ou calquera outro certificado dixital expedido pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre (FNMT).

6. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, poderá requirirse o solicitante para que achegue aqueles datos, documentos complementarios ou aclaracións que resulten necesarios na tramitación e resolución do procedemento.

7. Unha vez revisadas as solicitudes e as emendas feitas, os expedientes administrativos que reúnan todos os requisitos e a documentación necesaria serán remitidos á comisión encargada da súa valoración. Aqueles que non cumpran coas exigencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación, ou que non conteñan a documentación necesaria, serán obxecto de resolución de inadmisión a trámite ou de denegación, dependendo da circunstancia que conorra en cada caso.

8. Os interesados poderán consultar na aplicación informática e na Carpeta cidadá-A Miña Sede, accesibles desde a sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>) o estado das súas solicitudes a medida que avanza a tramitación administrativa do expediente e a documentación presentada.

Artigo 16. *Comisión de Valoración*

1. A Comisión de Valoración será o órgano colexiado encargado de avaliar as solicitudes de acordo cos criterios obxectivos fixados nos artigos seguintes, así como de propor a concesión das subvencións aos interesados.

2. A composición da Comisión de Valoración será a seguinte:

a) O xefe do departamento de Enerxías e Planificación Enerxética.

CVE-DOG: 5b7ympm7-22h8-1tt7-xht1-kvjghmxoonj2



b) O xefe da Área de Enerxías Renovables do Inega.

c) Dous técnicos do Inega (un da Xerencia e outro da Área de Enerxías Renovables).

3. No documento co resultado da avaliación que elabore a comisión figurarán de xeito individualizado os solicitantes propostos para obter a subvención especificando a puntuación que lles corresponde así como o importe da subvención para cada un deles, ata esgotar o crédito dispoñible nos diferentes tipos de actuacións que se subvencionan.

4. Exceptuarase o sistema de valoración previsto no artigo seguinte cando os fondos dispoñibles sexan suficientes para que perciban as axudas solicitadas todos os proxectos que fosen admitidos a trámite e reúnan os requisitos establecidos nesta convocatoria.

Artigo 17. Criterios de valoración

1. Características técnicas dos principais equipamentos (ata 50 puntos).

a) Biomasa.

1º. Prestacións segundo as características do equipamento xerador (ata 30 puntos).

Valorarase o equipamento xerador tendo en conta os seguintes criterios:

i. Rendemento (20 puntos).

Utilizaranse os seguintes valores para definir as puntuacións desta subepígrafe, utilizando o valor da etiqueta enerxética cando lle sexa de aplicación ao equipamento térmico, e o rendemento, en caso contrario:

	Valor da clase de eficiencia enerxética incluída na etiqueta en modo calefacción	Rendemento (R)
P: 20 puntos	A+++	$R \geq 95 \%$
P: 18 puntos	A++	$75 < R < 95$ ⁽¹⁾
P: 16 puntos	A+	
P: 12 puntos	A	
P: 8 puntos	B	
P: 4 puntos	C	
P: 0 puntos	D	$R=75 \%$

⁽¹⁾ O resto dos equipamentos puntuaranse proporcionalmente.

CVE-DOG: 5b7ympm7-22h8-1tt7-xht1-kvjghmxoonj2



ii. Fluído caloportador (5 puntos).

Auga: 5 puntos.

Aire: 0 puntos.

iii. Sistema de alimentación do combustible (5 puntos).

Automática: 5 puntos.

Manual: 0 puntos.

2º. Calidade enerxética do combustible empregado polo equipamento (ata 10 puntos).

Esta alínea valorarase tendo en conta o combustible utilizado:

– Pellet: 10 puntos.

– Estelas: 6 puntos.

– Leña: 3 puntos.

– Residuos forestais e outros tipos de biomasa: 1 punto.

3º. Sistema de limpeza automática do intercambiador (10 puntos).

b) Aerotermia, xeotermia e solar térmica.

Nesta alínea avalíaranse os coeficientes de rendemento enerxético dos principais equipamentos, COP no caso das bombas de calor e o rendemento de paneis solares en termos de kW/m², rendemento obtido a partir dos coeficiente de ensaio indicados na parte correspondente.

No caso das bombas de calor outorgarase unha puntuación de 0 puntos para as bombas de calor con COP de 3,5 e a máxima puntuación para as de COP igual ou superior a 5,5. O resto das bombas de calor puntuaranse proporcionalmente.

No caso dos paneis solares outorgarase unha puntuación de 0 puntos para os paneis solares con ratio igual ou inferior a 0,4 kW/m² e a máxima puntuación para os iguais ou superiores a 0,55 kW/m². O resto dos paneis solares puntuaranse proporcionalmente.



2. Grao de utilización da instalación segundo o uso e a demanda (ata 20 puntos).

Tendo en conta o uso enerxético e a demanda da instalación, avaliarase o seu grao de utilización considerando a calor útil demandada e a capacidade de xeración da instalación.

3. Ratio investimento/potencia da instalación (ata 30 puntos).

Avaliarase en relación coas ratios de investimento máximo elixible por potencia do proxecto segundo bases. Outórganse 0 puntos aos proxectos cuxa ratio investimento/potencia supere un 120 % do custo máximo elixible que lle corresponde polas súas características e a puntuación máxima para aqueles cuxa ratio sexa inferior ao 80 % do custo máximo elixible. O resto dos proxectos puntuaranse proporcionalmente.

Os empates que, se for o caso, se produzan dirimiranse aplicando os criterios na orde que a seguir se expón:

1º. Maior puntuación obtida na rúbrica «Características técnicas dos principais equipamentos».

2º. Menor valor do «Rateo investimento/potencia da instalación».

3º. Maior puntuación obtida na rúbrica «Grao de utilización da instalación».

Artigo 18. Resolución de concesión

1. Elaborada a relación prevista no artigo 16.3 destas bases, e sempre con anterioridade á resolución do procedemento, efectuarase o trámite de audiencia, por un prazo de dez (10) días. Cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta outros feitos nin outras alegacións e probas que as aducidas polos interesados, prescindirase do trámite de audiencia.

2. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento será de catro (4) meses, contados desde a data de finalización do período de presentación das solicitudes o, se for o caso, da súa emenda.

Se transcorre o prazo sen se ditar resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo, de conformidade co artigo 23.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



3. No suposto de ampliación do crédito e ata o límite do crédito dispoñible, observarase o sinalado no artigo 33.7 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

4. A resolución de concesión da subvención comprenderá a identificación do beneficiario, a contía da subvención, as obrigas dos beneficiarios, os requisitos específicos relativos aos produtos ou servizos que deban obterse coa axuda, o plan financeiro e o calendario de execución, así como os demais requisitos previstos na normativa comunitaria para a selección de operación que debe conter o documento polo que se establecen as condicións da axuda (DECA).

Artigo 19. *Réxime de recursos*

1. Contra as resolucións ditadas ao abeiro desta resolución de convocatoria, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente, poderán interpoñer recurso de alzada no prazo dun mes desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa, ou en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produzan os efectos do silencio administrativo, perante o presidente da Axencia Instituto Enerxético de Galicia, segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. Contra as resolucións de reintegro, que poñen fin á vía administrativa, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente, poderán interpoñer recurso de reposición no prazo dun mes desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa, ou en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produzan os efectos do silencio administrativo, perante o director da Axencia Instituto Enerxético de Galicia, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 20. *Modificación da resolución*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.



2. Cando por circunstancias técnicas sexa imprescindible variar o contido específico dos investimentos recollidos no proxecto inicial, o órgano competente para a concesión da axuda poderá acordar a modificación da resolución por instancia do beneficiario, cumprindo os requisitos previstos no número seguinte.

Cando a modificación do proxecto afecte o documento polo que se establecen as condicións da axuda (DECA), o Inega deberá emitir unha resolución de modificación (anexo DECA) que recolla as ditas modificacións e, se for o caso, os valores estimados dos indicadores de produtividade.

3. O órgano competente para a concesión da subvención poderá autorizar a modificación da resolución por instancia do beneficiario respectando os seguintes requisitos:

a) Que a modificación do proxecto estea comprendida dentro da finalidade das normas ou bases reguladoras.

b) Que se acredite a inexistencia de prexuízos a terceiros.

c) Que os novos elementos e circunstancias que motiven a modificación, se tivesen concurrido na concesión inicial, non suporían a denegación da axuda.

4. As modificacións de proxectos que non se comuniquen con anterioridade a xustificación do investimento, ou aquelas que de xeito previo non acheguen a documentación necesaria para a súa valoración, tramitaranse conxuntamente coa documentación xustificativa do investimento, utilizando o requirimento de emenda de xustificación para completar o expediente. Poderán formalizarse a aceptación da modificación do proxecto e a xustificación deste mediante a resolución de pagamento sempre e cando a modificación do proxecto respecte os requisitos establecidos no número 3 deste artigo e se achegue toda a documentación da solicitude modificada.

5. O acto polo que se acorde ou se denegue a modificación do proxecto, que poderá ou non afectar os termos da resolución de concesión, será ditado polo director do Inega logo da instrución do correspondente expediente, no cal se dará audiencia aos interesados.

Artigo 21. *Aceptación e renuncia*

No caso de que o beneficiario dunha subvención desexe renunciar á axuda concedida para a súa solicitude, deberá enviar un escrito, por medios electrónicos a través da aplicación informática, comunicando este feito co fin de proceder ao arquivamento do expediente.

CVE-DOG: 5b7ympm7-22h8-1tt7-xht1-kvjghmxoonj2



No caso de que se comunicase a renuncia, ditarase a correspondente resolución que se notificará ao interesado por medios electrónicos, de conformidade co procedemento establecido no artigo 15.2 destas bases reguladoras.

Artigo 22. *Obrigas dos beneficiarios*

Son obrigas dos beneficiarios, sen prexuízo das demais obrigas que figuran no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia:

1. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.

2. Xustificar ante o Inega o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou goce da subvención.

3. Dispoñer da capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir os obxectivos do proxecto para o cal se conceda a axuda.

4. Someterse ás actuacións de comprobación que efectúe Inega, así como a calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, nomeadamente a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, as comprobacións e verificacións que realicen o organismo intermedio, a autoridade de xestión e a autoridade de control, e, se for o caso, os órganos de control da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo e outras instancias de control, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

Os beneficiarios someteranse ás verificacións que levará a cabo a autoridade de xestión sobre a base do disposto nos números 4 e 5 do artigo 125 do Regulamento (CE) nº 1303/2013, polo que se fixan as disposicións comúns relativas ao Feder, FSE e ao Fondo de Cohesión (DOUE L 347, do 20.12.2013), así como ás comprobacións pertinentes dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeos.

5. Comunicar ao Inega a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e sempre con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.



6. Manter o investimento de que se trate para a finalidade e co carácter solicitado por un período mínimo de tres anos unha vez rematado o proxecto. No caso de grandes empresas, o período mínimo será de cinco anos, previsión que para o suposto de cofinanciamento con fondos comunitarios está recollida no artigo 71 do Regulamento (CE) nº 1303/2013, polo que se fixan as disposicións xerais relativas ao Feder, FSE e ao Fondo de Cohesión (DOUE L 347, do 20.12.2013) sobre a invariabilidade das operacións durante cinco anos desde o final da operación, manténdose o investimento sen modificacións substanciais.

Nos contratos de servizos enerxéticos que teñan unha duración inferior a cinco anos terase que achegar un documento asinado polo propietario dos terreos en que se instalen os equipamentos xeradores no cal asume o compromiso de manter o investimento ata que se cumpra este período.

7. Manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable axeitado que facilite unha pista de auditoría apropiada en relación con todos os gastos correspondentes cos investimentos realizados ao abeiro desta axuda e conservar a documentación xustificativa relativa aos gastos financiados durante un prazo de tres anos no caso de operacións cun gasto subvencionable inferior a un 1.000.000,00 € a partir do 31 de decembro seguinte á presentación das contas nas cales estean incluídos os gastos da operación. O Inega informará os beneficiarios das contas en que estean incluídos os gastos definitivos da operación concluída.

No caso das operacións non recollidas no parágrafo primeiro, todos os documentos xustificativos estarán dispoñibles durante un prazo de dous anos a partir do 31 de decembro seguinte á presentación das contas en que estean incluídos os gastos definitivos da operación concluída.

8. En relación coa publicidade do financiamento, de conformidade co previsto no anexo XII, número 2.2, do Regulamento (UE) nº 1303/2013, o beneficiario deberá:

a) En todas as medidas de información e comunicación que leve a cabo, deberá recoñecer o apoio do Inega, da Xunta de Galicia e do Feder ao proxecto incluíndo a imaxe institucional do Inega e a Xunta de Galicia e mostrando o emblema da Unión, así como unha referencia á Unión Europea e unha referencia ao Fondo que dá apoio á operación co lema do Fondo «Unha maneira de facer Europa».

b) Durante a realización do proxecto, e durante o período de duración dos compromisos de mantemento do investimento ou emprego, o beneficiario informará o público do apoio

CVE-DOG: 5b7ympm7-22h8-1tt7-xht1-kvjghmxoonj2



obtido do Inega, Xunta de Galicia e Feder: a) facendo unha breve descrición no seu sitio da internet, no caso de que dispoña dun, da operación, de maneira proporcional ao nivel de apoio prestado, cos seus obxectivos e resultados, e destacando o apoio financeiro da Unión. b) colocando, polo menos un cartel con información sobre o proxecto (dun tamaño mínimo A3), no cal mencionará a axuda financeira da Unión, nun lugar ben visible para o público, por exemplo na entrada dun edificio.

O beneficiario colocará, nun lugar ben visible para o público, un cartel ou placa permanente de tamaño significativo nun prazo de tres meses a partir da conclusión dunha operación que reúna as características seguintes:

i. A operación consista na compra dun obxecto físico, no financiamento dunha infraestructura ou en traballos de construción.

O Regulamento de execución (UE) nº 821/2014 especifica nos artigos 3 e 4 a forma en que debe crearse o emblema e as características técnicas deste e no artigo 5 as características técnicas das placas fixas e dos carteis publicitarios temporais e permanentes.

O Inega facilitará modelos aos beneficiarios a través da súa páxina web.

9. Proceder ao reintegro dos fondos percibidos, total ou parcialmente, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión ou nos supostos previstos no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

10. A aceptación da axuda cofinanciada con fondos Feder 2014-2020 implica a aceptación da inclusión dos beneficiarios na lista de operacións a que fai referencia o artigo 115, número 2, e co contido previsto no anexo XII, do Regulamento (UE) nº 1303/2013, que se publicará no portal da Dirección Xeral de Fondos Comunitarios do Ministerio de Facenda:

<http://www.dgfc.sepg.minhAFP.gob.es/sitios/dgfc/es-Es/loFEDER1420/porFEDER/Paginas/inicio.aspx>

11. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar a administración, ao organismo ou á entidade dos previstos no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.



Artigo 23. Subcontratación

Permitirase que o beneficiario subcontrate con terceiros a execución de ata o 100 % da actuación que se subvenciona nos termos recollidos no artigo 27 e concordantes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 24. Prazo para a execución da instalación

1. A data límite para executar o proxecto e presentar a documentación xustificativa dos investimentos será o 15 de xuño de 2021.

2. A documentación xustificativa do investimento realizado presentarase electronicamente utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso, as copias dixitalizadas presentadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante ou representante. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada segundo o disposto no artigo 28.5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 25. Xustificación da subvención

1. Para o cobramento da subvención concedida, o beneficiario deberá presentar toda a documentación que se sinala nos puntos seguintes deste artigo e solicitará o pagamento mediante a presentación do anexo II, que se xunta a título informativo. Este anexo deberá cubrirse a través da aplicación informática accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, ou ben desde a páxina web do Inega (<http://www.inega.gal>).

2. Tal e como dispón o artigo 46 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, cando o órgano administrativo competente para a comprobación da subvención aprecie a existencia de defectos emendables nas xustificacións presentadas polos beneficiarios, porao no seu coñecemento e concederalle un prazo de dez (10) días para a súa corrección. Os requirimentos de emenda serán notificados tal e como se establece no artigo 15.2 destas bases reguladoras.

Igual requirimento se efectuará por parte do Inega no suposto do resultado negativo da consulta efectuada á Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), Tesouraría Xeral da Seguridade social (TXSS), consellería competente en materia de economía e facenda, así como a verificación do DNI do solicitante (persoa física) e do representante da persoa



xurídica e o NIF do solicitante (persoa xurídica) e, en este caso, o solicitante ten que achegar as correspondentes certificacións ou documentos.

No suposto de que transcorrese o prazo establecido para a xustificación sen terse presentado documentación ningunha, requirirase igualmente o beneficiario para que no prazo improrrogable de dez (10) días hábiles a presente. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido neste parágrafo comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste parágrafo non eximirá o beneficiario das sancións que, conforme a lei, correspondan.

Artigo 26. *Documentación xustificativa do investimento*

1. Para o cobramento da subvención concedida o beneficiario deberá xustificar previamente o investimento que lle supuxo executar o proxecto ou actuación subvencionada. Todos os investimentos deberán estar plenamente realizados na data límite de xustificación do proxecto.

2. Para o cobramento da subvención concedida, o beneficiario deberá presentar, xunto coa solicitude de pagamento (anexo II), toda a documentación que se sinala nos puntos seguintes:

a) As tres ofertas que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia, debe ter solicitado o solicitante. Sempre que o custo elixible da actuación concreta que se subvenciona supoña un gasto para o beneficiario superior a 40.000,00 € sen IVE (en concepto de execución de obra) ou a 15.000,00 € (cando se subministran bens ou sexan prestados servizos por empresas de consultoría ou asistencia técnica) o beneficiario deberá solicitar e achegar ao Inega como mínimo o contido de 3 ofertas de distintos provedores. Non se aceptará como válido o certificado, informe ou documento similar en que se indique que se cumpriu co dito trámite de solicitar as 3 ofertas, pois o que debe achegarse é o orixinal ou copia do contido de cada unha das ofertas.

A elección dunha das ofertas fundamentarase sempre en criterios de aforro. Ademais, será necesario achegar como xustificación unha memoria cando a elección non recaia na proposta económica máis vantaxosa, que terá que incluír unha composición das especificacións técnicas dos elementos ofertados e o motivo da elección.



Non será necesario acreditar as 3 ofertas no suposto de que polas especiais características dos gastos que se subvencionan non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten, e neste suposto o beneficiario debe prestar declaración expresa motivada en tal sentido.

As ofertas deberán conter, como mínimo, os datos identificativos do emisor e do destinatario (razón social, enderezo e número ou código de identificación fiscal), a data de emisión do documento, o importe por concepto (especificando se inclúe ou non o IVE) e a descrición técnica dos elementos ofertados.

b) Conta xustificativa composta de facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa pagados. Os gastos aparecerán desagregados por conceptos ou unidades de obra.

No caso dunha factura cuxo pagamento se xustifique mediante varios documentos de pagamento, cada un destes deberá facer referencia á factura á cal se imputa o pagamento.

No caso da administracións públicas presentaranse facturas electrónicas rexistradas no punto xeral de entrada de facturas electrónicas da Administración xeral do Estado (FACE) ou plataforma similar.

A expedición das facturas e o seu contido axustarase ao disposto no Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.

Non se admitirán supostos de autofacturación (facturas emitidas polo propio beneficiario da subvención).

1º. Os provedores non poderán estar vinculados co organismo solicitante ou coa empresa beneficiaria final, ou cos seus órganos directivos ou xestores.

2.º. Considéranse documentos xustificativos do pagamento das facturas os seguintes:

i. Xustificante bancario (transferencia bancaria, certificación bancaria, xustificante bancario do ingreso efectivo polo portelo), en que conste o titular da conta desde a cal se realiza a operación ou a persoa que realiza o ingreso efectivo, que debe coincidir en todo caso coa persoa beneficiaria da subvención, o receptor do pagamento (empresa ou autónomo) e o número de factura obxecto do pagamento.

CVE-DOG: 5b7ympm7-22h8-1tt7-xht1-kvjghmxoonj2



ii. Efectos mercantís que permitan o pagamento aprazado (cheque, obriga de pagamento, letra de cambio): achegarase copia do efecto mercantil acompañada da documentación bancaria (extracto da conta do beneficiario, documento bancario acreditativo do pagamento do efecto, etc.) en que conste claramente que o efecto foi efectivamente cargado na conta do beneficiario dentro do prazo de xustificación.

No caso de que non quede acreditado o concepto do gasto, deberá achegar, ademais, xustificante de recepción asinado e selado polo proveedor no cal se especifique o número de factura pagada, número e data do cheque e NIF e nome da persoa receptora do cobramento.

Tanto no caso do cheque nominativo como de obriga de pagamento, para efectos de data de pago, terase en conta a data de cargo na conta do extracto bancario. En ningún caso se considerará como data de pagamento efectivo a entrega do cheque ao proveedor.

iii. Non se admitirán en ningún caso como xustificante os documentos acreditativos de pagamentos en metálico nin os obtidos a través da internet se non están validados pola entidade bancaria ou se non dispoñen de códigos para a súa verificación por terceiros na sede electrónica da dita entidade bancaria.

A data dos xustificantes de gasto e do pagamento debe ser posterior á data de solicitude de axuda e terá como límite para a súa validez e admisión o último día do prazo de xustificación previsto no artigo 22.

No caso dunha factura cuxo pagamento se xustifique mediante varios documentos de pagamento, cada un destes deberá facer referencia á factura á cal se imputa o pagamento.

En ningún caso poderá concertar o beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas nos supostos determinados nas letras a), b) e c) do artigo 27.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3º. No caso da Administración local certificación expedida pola secretaría ou persoa responsable do control de legalidade da entidade en que se acredite que se respectaron os procedementos de contratación pública e se faga referencia á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención.

c) Os concellos, para as obras públicas que promovan, deberán achegar o acordo municipal de aprobación do proxecto.

CVE-DOG: 5b7ympm7-22h8-1tt7-xht1-kvjghmxoonj2



d) Fotografías dos principais equipamentos instalados.

e) Xustificación de ter dado cumprimento ás obrigas establecidas no artigo 22.8 en materia de información e comunicación, sobre o apoio procedente dos fondos Feder, recollidas no anexo XII, número 2 do Regulamento (CE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, segundo o modelo dispoñible na páxina web do Inega (www.inega.gal).

f) O beneficiario achegará un certificado asinado polo técnico instalador, no cal se indique a data de finalización da instalación que se subvenciona. Naqueles proxectos de xeración térmica con potencia superior a 70 kW deberá achegarse o certificado de dirección de obra asinado polo técnico. Naquelas instalacións que requiran a súa inscrición no rexistro da consellería competente en materia de industria, o beneficiario deberá achegar o xustificante de solicitude de inscrición da instalación nese rexistro. Nese xustificante deberán figurar as características técnicas e o correspondente código de acceso ao referido rexistro para ter a posibilidade de verificación no caso de que sexa necesario.

3. Con carácter xeral, a documentación presentada permitirá ao Inega medir os indicadores de produtividade asociados a estas bases reguladoras, que son CO30-Capacidade adicional para producir enerxía renovable (MW) e CO34-Redución anual estimada de gases efecto invernadoiro IGEI) (toneladas equivalentes de CO₂/ano).

Artigo 27. *Pagamento das axudas*

1. Os órganos competentes do Inega poderán solicitar as aclaracións ou informes relativos á xustificación do investimento que consideren convenientes. Transcorrido o prazo concedido para o efecto sen que o beneficiario os presentase, poderase entender que renuncia á subvención.

2. Previamente á proposta de pagamento, e sempre que se trate de subvencións de capital cun importe superior a 60.000,00 €, os servizos técnicos do Inega realizarán unha inspección de comprobación material en que certifiquen que se realizou o investimento que foi obxecto da axuda.

3. No caso de que o investimento realizado teña un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha realización deficiente do proxecto, a contía da subvención poderá reducirse proporcionalmente se debido á redución do investimento se superan as porcentaxes máximas de subvención.



Artigo 28. Información básica sobre protección de datos persoais

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Instituto Enerxético de Galicia, coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, circunstancia que se reflectirá no devandito formulario.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia. Os datos serán comunicados á Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos da Consellería de Facenda coa finalidade de realizar a xestión, seguimento, información, control, coordinación e estudo da execución e avaliación dos programas operativos dos fondos procedentes da Unión Europea na súa condición de organismo intermedio dos programas operativos en virtude das funcións atribuídas pola autoridade de xestión dos programas operativos segundo o disposto nos artigos 125, número 2, artigo 140, números 3 a 5, e anexo XIII, número 3, do Regulamento (UE) nº 1303/2013 e as súas disposicións de desenvolvemento.

Co fin de dar a publicidade exixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme o descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais de que dispón a Xunta de Galicia, como diarios oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>

CVE-DOG: 5b7ympm7-22h8-1tt7-xht1-kvjghmxoonj2



Artigo 29. *Perda do dereito a subvención e reintegro das axudas*

1. Producirase a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación do cumprimento do proxecto, das condicións impostas na resolución de concesión, das obrigas contidas nestas bases reguladoras, das obrigas contidas no artigo 33 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar a devolver total ou parcialmente a subvención percibida, así como os xuros de demora correspondentes.

2. O procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito de cobramento da subvención e para facer efectiva a devolución a que se refire o número anterior será o establecido no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Incumprimento dos proxectos:

a) Incumprimento total: se o beneficiario xustifica conceptos, partidas e/ou elementos subvencionables aprobados que representen menos do 60 % do importe total do investimento subvencionable, entenderase que non acadou os obxectivos propostos na solicitude e, por tanto, perderá o dereito de cobramento da subvención.

b) Incumprimento parcial: sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais tomadas en conta na concesión das axudas e a xustificación sexa igual ou superior ao 60 %, poderá apreciarse un incumprimento parcial e débese resolver sobre o seu alcance aplicando a mesma ponderación que tivese a condición incumplida na resolución de concesión.

Sen prexuízo doutros supostos que poidan concorrer, no caso de condicións referentes á contía ou concepto da base subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a un concepto distinto do considerado subvencionable e deben, se for o caso, reintegrarse as cantidades percibidas na dita proporción.

4. Reintegro das axudas no caso de non manter as condicións establecidas nestas bases:

a) Suporá a perda dun 2 % da subvención concedida non manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable axeitado en relación con todas as transaccións relacionadas cos gastos subvencionables, sen prexuízo das normas xerais da contabilidade.

CVE-DOG: 5b7ympm7-22h8-1tt7-xht1-kvjghmxoonj2



de, que permita seguir unha pista de auditoría sobre os conceptos financiados con fondos Feder.

b) Suporá a perda dun 2 % da subvención concedida non dar publicidade ao financiamento do proxecto de acordo co establecido nestas bases.

c) Suporá a perda dun 5 % non comunicar ao Inega a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención, unha vez recalculada a subvención e descontado o exceso obtido sobre os topes máximos legalmente establecidos.

d) Suporá a perda da subvención de forma proporcional ao período en que se incumpra o requisito non manter os investimentos obxecto da subvención durante o período de cinco anos.

e) Suporá a perda da subvención, cando se trate de operacións que comprendan investimentos en infraestruturas ou investimentos produtivos se, nos 10 anos seguintes ao pagamento final ao beneficiario, a actividade produtiva se somete a unha relocalización fóra da Unión (excepto cando o beneficiario sexa unha peme) ou no prazo que determina a normativa de axudas de Estado.

No caso de condicións que constitúan obrigas que o beneficiario debe acreditar en fase de xustificación (obrigas de publicidade, comunicación doutras axudas, etc.), estas deberán xustificarse en todo caso para poder proceder ao pagamento da subvención, polo que a graduación fixada neste número só resultará aplicable para supostos de reintegro no caso de que se detecten en controis posteriores ao pagamento algún incumprimento relativo a esas obrigas.

Artigo 30. *Réxime de sancións*

Aos beneficiarios das subvencións reguladas nestas bases aplicaráselles o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 31. *Fiscalización e control*

1. Os beneficiarios destas subvencións someteranse ás actuacións de control que realice o Inega para o seguimento dos proxectos aprobados e ás de control financeiro que

CVE-DOG: 5b7ympm7-22h8-1tt7-xht1-kvjghmxoonj2



correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, así como ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, así como, de ser o caso, á autoridade de xestión e aos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo e ás verificacións do artigo 125 do Regulamento (CE) nº 1303/2013, polo que se fixan as disposicións comúns relativas ao Feder, FSE e ao Fondo de Cohesión (DOUE L 347, do 20.12.2013), que xa foron mencionadas na punto 3 do artigo 22 das bases.

2. Calquera persoa que teña coñecemento de feitos que poidan ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación con proxectos ou operacións financiados total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea no marco da presente convocatoria poderá poñer os ditos feitos en coñecemento do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude da Intervención Xeral da Administración do Estado, por medios electrónicos a través da canle habilitada para o efecto <http://www.conselleriadefacenda.es/areas-tematicas/planificacion-e-fondos/periodo-comunitario-2014-2020/medidas-antifraude/snca-olaf>

Artigo 32. *Comprobación de subvencións*

1. O órgano competente para conceder a subvención comprobará a axeitada xustificación da subvención, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o gozo da subvención. O prazo para a comprobación material de facturas e xustificantes de gastos será de tres anos a partir do 31 de decembro seguinte á presentación das contas en que estean incluídos os gastos das operacións, tal e como se define no artigo 140 do Regulamento (CE) nº 1303/2013, polo que se fixan as disposicións comúns relativas ao Feder ao FSE e ao Fondo de Cohesión (DOUE L 347, do 20.12.2013).

2. Previamente á proposta de pagamento, e sempre que se trate de subvencións de capital cun importe superior a 60.000,00 €, os servizos técnicos do Inega realizarán unha inspección de comprobación material do investimento da cal quedará constancia no expediente mediante acta de conformidade asinada tanto polo representante da Administración como polo beneficiario.

3. O Inega realizará comprobacións sobre aqueles aspectos declarados polos beneficiarios no relativo ao tamaño da empresa e á consideración como empresa en crise.

CVE-DOG: 5b7ympm7-22h8-1tt7-xht1-kvjghmxoonj2



Artigo 33. Remisión normativa

1. As subvencións concedidas ao abeiro destas bases reguladoras rexeranse, entre outras, polas seguintes normas:

a) Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado (DOUE I 187, do 26 de xuño de 2014).

b) Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, Fondo Social Europeo, Fondo de Cohesión, Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca e se derroga o Regulamento (CE) nº 1083/2006 do Consello, así como a súa normativa comunitaria, estatal e autonómica de desenvolvemento.

c) Regulamento (UE) nº 1301/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, sobre o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e sobre disposicións específicas relativas ao obxectivo de investimento en crecemento e emprego, e polo que se derroga o Regulamento (CE) nº 1080/2006.

d) Orde HFP/1979/2016, do 29 de decembro, pola que se aproban as normas sobre os gastos subvencionables dos programas operativos do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional para o período 2014-2020.

2. Así mesmo, rexeranse pola normativa aplicable ás axudas e subvencións na Comunidade Autónoma, en particular a seguinte:

a) Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

b) Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

c) Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

d) Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

CVE-DOG: 5b7ympm7-22h8-1tt7-xht1-kvjghmxoonj2



e) Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

f) Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

g) Lei 4/2019, do 17 de xuño, de administración dixital de Galicia.

h) Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpóñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE, do 26 de febreiro de 2014.

i) Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

j) Regulamento xeral de protección de datos (RXPd): norma de aplicación directa en toda a Unión Europea, relativa á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos.

k) Real decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema nacional de seguridade no ámbito da Administración electrónica (ENS) –versión consolidada–.

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2020

Ángel Bernardo Tahoces
Director da Axencia Instituto Enerxético de Galicia

CVE-DOG: 5b7ympm7-22h8-1tt7-xht1-kvjghmxoonj2





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO I

PROCEDEMENTO		CÓDIGO DO PROCEDEMENTO		DOCUMENTO	
PROXECTOS DE ENERXÍAS RENOVABLES TÉRMICAS		IN421G		SOLICITUDE	

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE					
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO	
TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA
PARROQUIA			LUGAR		
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE		
TELÉFONO	FAX	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO		
E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)					
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO	
				NIF	

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	
Notifíquese a: ☐ Persoa ou entidade solicitante ☐ Persoa ou entidade representante	
Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia - Notifica.gal, https://notifica.xunta.gal .	
Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.	
Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir:	
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO

DATOS BANCARIOS	
Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.	
TITULAR DA CONTA	NÚMERO DA CONTA BANCARIA (20 DÍXITOS)
	IBAN

EMPRESA ☐	AUTÓNOMO ☐	EMPRESA DE SERVIZOS ENERXÉTICOS ☐	ADMINISTRACIÓN LOCAL ☐	ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO ☐
CATEGORÍA DA EMPRESA				
PEQUENA EMPRESA ☐	MEDIANA EMPRESA ☐	GRANDE EMPRESA ☐		
SECTOR EMPRESARIAL (INDUSTRIAL OU SERVIZOS)		CNAE		
Nº EMPREGADOS	BALANCE XERAL ANUAL	VOLUME DE NEGOCIOS		

A persoa solicitante ten a consideración de "empresa autónoma" por non poder cualificarse como empresa asociada, nin como empresa vinculada, segundo se define no apéndice I do Regulamento 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014 (DO L 187, do 26.6.2014).	
SI ☐	NON ☐
NOTA: no caso de que a empresa non teña a consideración de autónoma, deberá achegar as contas e a documentación necesaria para proceder ao cálculo dos efectivos das empresas asociadas e/ou vinculadas, ou ben e se existen as contas consolidadas onde consten os datos das citadas empresas.	





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIAANEXO I
(continuación)

DATOS XERAIS DO PROXECTO				
NOME ASIGNADO AO PROXECTO:				
TIPO DE ACTUACIÓN:	NOVA ☐	SUBSTITUCIÓN ☐	AMPLIACIÓN ☐	
TIPO DE INSTALACIÓN PROXECTADA				
XEOTÉRMICA ☐	SOLAR TÉRMICA ☐	BIOMASA (Tipoloxía A) ☐	BIOMASA (Tipoloxía B) ☐	
TIPO DE FONTE DE ENERXÍA OU COMBUSTIBLE SUBSTITUÍDO (Enerxía eléctrica; gas; gasóleo, etc.):				
CONSUMO ACTUAL DE ENERXÍA OU COMBUSTIBLE (kWh; litros; kg):				
DESTINO DA INSTALACIÓN				
AUGA QUENTE SANITARIA ☐	CALEFACCIÓN ☐	CLIMATIZACIÓN DE PISCINA ☐	(Indicar o tipo de uso):	
APLICACIÓNS INDUSTRIAIS ☐	OUTROS USOS ☐			
DEMANDA TÉRMICA DA INSTALACIÓN (kW):		SUPERFICIE ÚTIL POR CLIMATIZAR (m ²)	VOLUME DA PISCINA (m ³)	
LOCALIZACIÓN DA INSTALACIÓN PROXECTADA				
ENDEREZO DO PROXECTO (Rúa; número):				
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE	PARROQUIA
COORDENADAS UTM X (ED 50):		COORDENADAS UTM Y (ED 50):		REFERENCIA CATASTRAL ONDE ESTÁ A INSTALACIÓN:
DATA DA PRIMEIRA CONSTRUCCIÓN DO INMOBLE ONDE ESTÁ A INSTALACIÓN:		DATA DA ÚLTIMA REFORMA DE CONSIDERACIÓN DO INMOBLE ONDE ESTÁ A INSTALACIÓN:		

INSTALACIÓN XEOTÉRMICA / AEROTÉRMICA				
Tipo de emisor por substituír ⁽¹⁾ :				
INSTALACIÓN XEOTÉRMICA: TIPOLOXÍA A1 (INTERCAMBIO HORIZONTAL) ☐ TIPOLOXÍA A2 (INTERCAMBIO VERTICAL) ☐				
INSTALACIÓN AEROTÉRMICA: TIPOLOXÍA AIRE/AGUA ☐ TIPOLOXÍA AIRE/AIRE ☐				
POTENCIA ⁽²⁾ (kW)	COP ⁽²⁾	FACTOR DE CORRECCIÓN (FC) ⁽³⁾	FACTOR DE PONDERACIÓN (FP) ⁽³⁾	
CUALIFICACIÓN ETIQUETAXE ENERXÉTICA CALEFACCIÓN ⁽⁴⁾		CUALIFICACIÓN ETIQUETAXE ENERXÉTICA XERADOR AQS ⁽⁴⁾		
OUTRAS BOMBAS DE CALOR EMPREGADAS (EN CASO DE UTILIZAR VARIOS EQUIPAMENTOS DE DISTINTOS MODELOS)		POTENCIA NOMINAL TOTAL (kW)		
A INSTALACIÓN INCORPORA ACUMULADOR DE AQS: SI ☐ NON ☐				

- (1) Indicar segundo proceda: chan radiante; radiador convencional; fancoil, outros (Indicar cal)
- (2) Indicar a potencia e o COP para unhas temperaturas de ensaio de 0/35 °C para XEOTERMIA e 7/35 °C para AEROTERMIA. Os valores deben coincidir cos indicados no certificado emitido por laboratorio independente.
- (3) Factores recollidos no documento "Prestacións medias estacionais das bombas de calor para a produción de calor en edificios" elaborado polo IDAE. No caso de combinar varios usos, calcular o FC ponderando cada uso en función da demanda anual prevista.
- (4) Seleccionar unha das seguintes cualificacións segundo proceda: A⁺⁺⁺, A⁺⁺, A⁺, A, B, C, D, E, F, G, ou "Non procede".





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO I
(continuación)

CAPTADORES SOLARES					
Captadores planos (CP) ☐ Tubos de baleiro (TB) ☐			Nº de equipamentos deste modelo a instalar		
Superficie apertura unitaria (m ²)		COEF. REND. η_0	COEF. REND. η_1 (W/m ² ·K)	COEF. REND. η_2 (W/m ² ·K ²)	
Outros captadores utilizados (en caso de utilizar varios equipamentos de distintos modelos)					
Superficie apertura unitaria CP (m ²)		Potencia total CP (kW)		Superficie total de apertura TB (m ²)	
A INSTALACIÓN INCORPORA ACUMULADOR de AQS: Si ☐ Non ☐					

BIOMASA					
MARCA		MODELO		Potencia nominal (kW)	PVP sen IVE (Precio de tarifa)
Nº EQUIPAMENTOS		Potencia nominal útil TOTAL instalada (kW)		Cualificación etiquetaxe enerxética calefacción ⁽¹⁾	RENDEMENTO (%):
COMBUSTIBLE PRINCIPAL QUE SE EMPREGA				CONSUMO ANUAL PREVISTO BIOMASA (kg/ano;) litros/ano; etc.):	
Pellets ☐ Estelas ☐ Leña ☐ Outro ☐ Indicar outros combustibles: _____					
Tipo de equipamento xerador					
BIOMASA (TIPOLOXÍA A)					
Queimador de biomasa ☐ Xerador aire quente ☐ Cociña calefactora ☐					
Estufa de aire ☐ (Canalizable? SI ☐ NON ☐) INSERT/Chimenea de aire ☐ (Canalizable? SI ☐ NON ☐)					
BIOMASA (TIPOLOXÍA B)					
☐ B3 Caldeira con ALIMENTACIÓN AUTOMÁTICA mediante parafuso sen fin ou sistema pneumático, desde un sistema de almacenamento exterior á caldeira. Capacidade de almacenamento superior ou igual a 1.000 litros.					
☐ B2 Caldeira con ALIMENTACIÓN AUTOMÁTICA mediante parafuso sen fin ou sistema pneumático, desde un sistema de almacenamento exterior á caldeira. Capacidade de almacenamento superior ou igual a 250 litros e inferior a 1.000 litros.					
☐ B1 Caldeira con ALIMENTACIÓN AUTOMÁTICA mediante parafuso sen fin ou sistema pneumático, desde un sistema de almacenamento exterior á caldeira. Capacidade de almacenamento inferior a 250 litros.					
☐ Caldeira de leña ☐ Hidroestufa ☐ INSERT/chimenea de auga					
SISTEMA DE ALMACENAMENTO DE COMBUSTIBLE E ALIMENTACIÓN Á CALDEIRA (Cubrir só no caso de caldeiras con alimentación automática de capacidade superior ou igual a 250 litros). Deberase xustificar a capacidade do silo con documentación técnica.					
☐ Silo de obra	Capacidade (litros):				
☐ Silo flexible	Capacidade (litros):				
☐ Contedor ou depósito	Capacidade (litros):				
☐ Moega	Capacidade (litros):				
INTERCAMBIADOR CON LIMPEZA AUTOMÁTICA ? SI ☐ NON ☐					

⁽¹⁾ Seleccionar unha das seguintes cualificacións segundo proceda: A+++, A++, A+, A, B, C, D, E, F, G, ou "non procede". No caso de seleccionar "non procede" debe xustificarse por qué non é de aplicación. A cualificación seleccionada debe ser acreditada presentando a documentación xustificativa.

EN CASO DE REDES DE DISTRIBUCIÓN DE CALOR	
REDE ABERTA ☐	REDE PECHADA ☐
LONXITUDE dos CONDUTOS (m)	Número de EDIFICIOS conectados á REDE:

CVE-DOG: 5b7ympm7-22h8-1tt7-xht1-kvjghmxoonj2



XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO I
(continuación)

DESAGREGACIÓN DO ORZAMENTO

DESAGREGACIÓN DO ORZAMENTO SEN IVE	Euros (€)
TOTAL SEN IVE	

% IVE	
ORZAMENTO TOTAL (CON IVE)	

EMPRESA INSTALADORA ELIXIDA :	TELÉFONO:	CRITERIO DE ELECCIÓN:
-------------------------------	-----------	-----------------------

DESCRIPCIÓN DO PROXECTO E ESQUEMA DOS EQUIPAMENTOS NO EDIFICIO E XUSTIFICACIÓN DA CALOR UTIL DEMANDADA
<i>Pode representar ou achegar noutro documento</i>

ESQUEMA HIDRÁULICO DA INSTALACIÓN (só no caso de quentamento de auga)

Pode representar ou achegar noutro documento

ESTADO DA SOLICITUDE E CONTÍA MÁXIMA DA AXUDA	
ESTADO DA SOLICITUDE	
CONTÍA MÁXIMA DA AXUDA QUE PODE ASIGNARSE A ESTE PROXECTO (€)	

A PESSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:
- ☐ Non se solicitou nin se concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os que se solicita esta subvención.
 - ☐ Si se solicitou e/ou se lle concedeu outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os que se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
3. Non estar incursa en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
4. Non estar incursa en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
5. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO I
(continuación)

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA (continuación):

6. Que, no suposto de resultar beneficiaria da axuda, coñece e asume a obriga de manter no seu patrimonio o investimento subvencionado durante un período mínimo de tres (3) anos, no caso de grandes empresas o período mínimo será de cinco (5) anos, a partir do pagamento da axuda, ou se é o caso, durante a vida útil da instalación se for inferior ao dito período, quedando obrigado a comunicar de inmediato ao Inega o posible incumprimento da dita obrigación, de terse producido, e ao reintegro no dito suposto da axuda percibida.

7. Que o proxecto para o que solicita a axuda está sito na Comunidade Autónoma de Galicia.

8. Que os investimentos para os que solicita axuda non están iniciados.

9. Que ten a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir os obxectivos do proxecto para o que se solicita a axuda.

10. Que a persoa solicitante asumirá a aplicación de medidas antifraude eficaces e proporcionadas no seu ámbito de xestión, así como a obriga de comunicar ao órgano xestor os casos de sospeitas de fraude.

11. Que a persoa solicitante non pode ser considerada unha empresa en crise conforme o disposto no artigo 2.18 do Regulamento (UE) nº 651/2014, do 17 de xuño, da Comisión.

12. Que cando se trate dunha empresa, a persoa solicitante cumpre cos criterios de definición de microempresa, pequena, mediana ou grande empresa, segundo a definición establecida pola Comisión Europea no Regulamento (UE) nº 651/2014 (DOUE L 187, do 26 de xuño), polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado, e encádrase na seguinte categoría:

Categoría de MICROEMPRESA (ocupa menos de 10 persoas e cuxo volume de negocios anual ou cuxo balance xeral anual non supere os 2 millóns de euros).	☐
Categoría de PEQUENA EMPRESA (ocupa menos de 50 persoas e cuxo volume de negocios anual ou cuxo balance xeral anual non supera os 10 millóns de euros).	☐
Categoría de MEDIANA EMPRESA (ocupa menos de 250 persoas e cuxo volume de negocios anual non supera os 50 millóns de euros ou cuxo balance xeral anual non supera os 43 millóns de euros).	☐
Categoría de GRAN EMPRESA (ocupa máis de 250 persoas, volume de negocios anual superior a 50 millóns de euros ou balance xeral anual superior a 43 millóns de euros).	☐

13. Manter un sistema de contabilidade separada ou un código contable axeitado en relación con todas as transaccións relacionadas cos gastos subvencionados, sen prexuízo das normas xerais de contabilidade, que permita seguir unha pista de auditoría sobre os gastos financiados con fondos FEDER.

14. Conservar toda a documentación relativa a esta subvención durante un período de tres anos a partir do 31 de decembro seguinte á presentación das contas na que estean incluídos os gastos da operación, ou dous anos no caso de operacións cun gasto subvencionable igual ou superior a 1.000.000 euros, a partir do 31 de decembro seguinte á presentación das contas nas que estean incluídos os gastos definitivos da operación concluída (artigo 125.4.d) e 140.1 do Regulamento 1303/2013).

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE

Documentación común:

☐ Memoria técnica cos apartados que figuran no art. 10.1.b das bases reguladoras

☐ Documentación acreditativa da titularidade dos terreos ou inmobles sobre os que se vai executar o proxecto, ou da dispoñibilidade deles durante un período mínimo de cinco anos.

Documentación adicional obrigatoria para Administración local:

☐ Acreditación do nomeamento da persoa representante da entidade solicitante.

☐ Certificado do acordo adoptado polo órgano competente polo que se se aproba solicitar a axuda solicitada nestas bases, se procede.

☐ Certificación de que a entidade solicitante remitiu as contas do último exercicio orzamentario a que legalmente está obrigado ao Consello de Contas tal e como se establece no art. 1.c.3 do artigo 10 das bases reguladoras.

Documentación adicional obrigatoria para empresas só cando non estean obrigadas a estar inscritas no Rexistro Mercantil ou ben non teñan domicilio social en Galicia:

☐ Documentación acreditativa da constitución e da representación correspondente.

☐ Documento que acredite a existencia dun centro de traballo en Galicia ou a realización dalgunha actividade empresarial xustificable dentro do territorio da comunidade autónoma de Galicia

Documentación adicional obrigatoria para empresas de servizos enerxéticos:

☐ Copia do contrato de servizos enerxéticos no que se recollan as cláusulas asociadas ao proxecto para o que se solicita a axuda.

☐ Autorización e coñecemento por parte do titular ou titulares da instalación de que se solicita a subvención.

Documentación adicional obrigatoria para entidades sen ánimo de lucro:

☐ Documentación que acredite a representación coa que se actúa.

☐ Outra documentación adicional que o interesado considere conveniente.

CVE-DOG: 5b7ympm7-22h8-1tt7-xht1-kvjghmxoonj2



**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIAANEXO I
(continuación)

COMPROBACIÓN DE DATOS	OPÓÑOME Á CONSULTA
Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	
DNI/NIE da persoa solicitante	☐
NIF da entidade solicitante	☐
DNI/NIE da persoa representante	☐
NIF da entidade representante	☐
Alta non imposto de actividades económicas (IAE)	☐
Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa AEAT	☐
Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social	☐
Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa Atriga	☐
Consulta dos administradores da sociedade, cando se trate dunha persoa xurídica	☐

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería ou entidade a que se dirixe esta solicitude, escrito ou comunicación.
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que se derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Persoas destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto delegado de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais .
Actualización normativa: no caso de existiren diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.	

LEXISLACIÓN APLICABLE
Resolución do 19 de xuño de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvencións para proxectos de enerxías renovables térmicas, para os anos 2020-2021, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020 (código de procedemento IN421G).

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE
Lugar e data

Instituto Enerxético de Galicia (Inega)

galicia



EUROPEA





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO II

SOLICITUDE DE PAGAMENTO
IN421G - PROXECTOS DE ENERXÍAS RENOVABLES TÉRMICAS

NOME DO PROXECTO	NÚMERO DO EXPEDIENTE
------------------	----------------------

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

Resultou beneficiario da subvención aos proxectos de enerxías renovables térmicas na convocatoria de 2020-2021 para o expediente citado no encabezamento, nos seguintes termos:		
Orzamento Aceptado (sen IVE):	% Axuda:	Importe da Axuda:

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

☐ Ter executadas as seguintes partidas e importes do proxecto

XUSTIFICANTES PRESENTADOS					
Concepto facturado e entidade que emite factura	Nº factura	Data factura	Data de pagamento	Importe (sen IVE)	Importe (con IVE)
Importe total xustificado					

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

- ☐ Tres ofertas ou declaración expresa motivada. Cando o custo elixible sen IVE da actuación que se subvenciona supoña un gasto para a persoa beneficiaria superior a 40.000 € (en concepto de execución de obra) ou a 15.000 € (cando se subministran bens ou se prestan servizos por empresas de consultoría ou asistencia técnica) a persoa beneficiaria deberá solicitar e achegar ao Inega como mínimo o contido de 3 ofertas de distintos provedores e cando non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten, deberá a persoa beneficiaria prestar declaración expresa en tal sentido.
- ☐ Facturas desagregadas por conceptos e xustificantes de pagamento conforme o establecido no art. 26.2.b das bases reguladoras.
- ☐ Fotografías dos principais equipamentos instalados.
- ☐ Os concellos, para as obras públicas que promovan, deberán achegar o acordo municipal de aprobación do proxecto.
- ☐ Xustificante de ter dado cumprimento ás obrigas establecidas no artigo 22.8 en materia de información e comunicación, sobre o apoio procedente dos fondos Feder (segundo o modelo dispoñible na páxina web do Inega).
- ☐ Certificado asinado polo técnico instalador, no que se indique a data de finalización da instalación.
- ☐ Nas instalacións de xeración térmica con potencia superior a 70 kW, certificado de dirección de obra asinado polo técnico.
- ☐ Xustificante da solicitude de inscrición da instalación no rexistro da consellería competente en materia de industria, cando sexa obrigatoria.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data	de	de
--------------	----	----

Instituto Enerxético de Galicia (Inega)

galicia

XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>